

BASES DA CAMPAÑA **"AS COMPRAS QUE VOLVEN"**

1. Entidade organizadora

A presente campaña, baixo o nome "**As Compras que Volven**", está organizada polo **Centro Comercial Aberto Estrela de Marín**, co obxectivo de incentivar o consumo no comercio local, premiar a fidelidade da clientela e reforzar o uso do Club de Fidelización Comercio de Marín.

A campaña conta coa **cofinanciación da Xunta de Galicia** e coa **colaboración do Concello de Marín**.

2. Ámbito territorial e establecementos participantes

A campaña desenvolverase nos **establecementos asociados ao Centro Comercial Aberto Estrela de Marín**.

Só serán válidas as compras realizadas nos establecementos adheridos á campaña.

3. Duración da campaña

A campaña estará activa desde o **30 de marzo ata o 30 de abril**, ambos incluídos.

Non se admitirán rexistros de tickets realizados fóra deste período.

4. Obxecto da campaña

A campaña ten por finalidade premiar as compras realizadas no comercio local asociado mediante unha mecánica de participación baseada no **rexistro dixital de tickets de compra**.

As persoas participantes poderán recuperar o importe da compra rexistrada no caso de resultar gañadoras dos sorteos previstos nas presentes bases.

5. Requisitos para participar

Poderán participar na campaña as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maiores de idade ou, no seu defecto, participar a través da persoa adulta responsable.
- Realizar unha compra por importe **superior a 10 euros** nun establecemento asociado á campaña.
- Rexistrar correctamente o ticket de compra a través da web habilitada para tal fin: www.comerciodemarin.com/sorteos
- Cubrir os datos solicitados no formulario de participación.
- Indicar o importe da compra e o establecemento onde foi realizada.
- Achegar unha fotografía do ticket de compra.
 - Non é obrigatorio formar parte do **Club de Fidelización Comercio de Marín** pero axiliza o proceso de participación.

A organización resérvase o dereito de comprobar a veracidade dos datos achegados polas persoas participantes.

6. Mecánica de participación

Para participar na campaña, as persoas consumidoras deberán:

1. Realizar unha compra superior a 10 euros nun establecemento asociado.
2. Acceder á web www.comerciodemarin.com/sorteos ou ao sorteo a través da aplicación.
3. Cubrir correctamente os datos do formulario.
4. Indicar o importe da compra.
5. Indicar o nome do establecemento no que se realizou.
6. Subir unha imaxe ou fotografía lexible do ticket correspondente.

Cada ticket só poderá rexistrarse **unha única vez**. Se comprobamos que se intenta rexistrar o mesmo ticket en máis dunha vez, procederase a eliminar ao usuario da campaña.

A participación considerarase válida unicamente cando o rexistro estea completo e a información sexa correcta.

7. Sorteos e premios

Durante a campaña realizaranse:

- **2 sorteos quincenais de 200 euros**
- **400 euros en premios totais**

As persoas gañadoras recuperarán o importe da compra rexistrada no ticket premiado, que se acumulará na súa tarxeta do **Club de Fidelización Comercio de Marín** e que deberá gastarse no establecemento a quen corresponda o ticket premiado.

Límite do premio

Establécese un importe máximo de **50 euros por ticket premiado**.

No caso de que o ticket gañador supere esa contía, a cantidade que se acumulará na tarxeta será, en todo caso, de **50 euros**.

8. Selección das persoas gañadoras

As persoas gañadoras serán seleccionadas mediante sorteo entre todos os tickets rexistrados correctamente dentro do prazo de vixencia da campaña.

Só entrarán no sorteo os rexistros que cumpran todos os requisitos establecidos nestas bases.

A organización poderá declarar nula unha participación nos seguintes casos:

- Datos incompletos ou incorrectos.
- Tickets ilexibles ou manipulados.
- Tickets duplicados.
- Compras inferiores ao importe mínimo establecido.
- Tickets correspondentes a establecementos non adheridos á campaña.
- Tickets correspondentes aos propietarios/propietarias e empregados/empregadas dos seus propios establecementos
- Calquera outra circunstancia que poida alterar o normal desenvolvemento da acción.

9. Comunicación dos premios

A organización contactará coas persoas gañadoras a través dos datos facilitados no proceso de rexistro.

No caso de non ser posible contactar coa persoa premiada nun prazo razoable, ou de non cumprir esta os requisitos establecidos, a organización poderá asignar o premio a unha persoa suplente ou deixar o premio sen efecto, segundo se determine.

10. Entrega e uso dos premios

O importe correspondente ao ticket premiado acumularase na tarxeta do **Club de Fidelización Comercio de Marín** da persoa gañadora.

O premio non poderá ser trocado por diñeiro en metálico.

O saldo acumulado, deberá gastarse no establecemento a quen corresponda o ticket premiado.

11. Verificación e control

A organización poderá solicitar en calquera momento o ticket orixinal de compra para verificar a validez da participación.

A falta de presentación do ticket orixinal, cando sexa requirido, poderá supoñer a exclusión da campaña ou a perda do dereito ao premio.

12. Protección de datos

Os datos persoais facilitados polas persoas participantes serán tratados polo **Centro Comercial Aberto Estrela de Marín** coa finalidade de xestionar a participación na campaña, realizar os sorteos, comunicar os premios e levar a cabo as accións derivadas da propia iniciativa.

As persoas participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e demais dereitos recoñecidos na normativa vixente en materia de protección de datos, dirixíndose á entidade organizadora a través das canles habituais de contacto.

A participación na campaña implica a aceptación do tratamento dos datos exclusivamente para as finalidades vinculadas ao desenvolvemento da mesma.

13. Aceptación das bases

A participación na campaña implica a **aceptación íntegra destas bases**.

A organización resérvase o dereito de interpretar, modificar ou resolver calquera incidencia que poida xurdir e que non estea prevista expresamente neste documento, sempre en beneficio do bo desenvolvemento da campaña.

14. Reservas e incidencias

O Centro Comercial Aberto Estrela de Marín resérvase o dereito de suspender, aprazar ou modificar a campaña por causas xustificadas, así como de anular participacións que detecte fraudulentas ou contrarias ao espírito da acción.

15. Información adicional

Para máis información sobre a campaña, as persoas interesadas poderán contactar co **Centro Comercial Aberto Estrela de Marín** a través da súa web ou dos medios habituais de atención.

16. Repercusións fiscais

O **Centro Comercial Aberto Estrela de Marín** non se fará cargo dos impostos derivados da entrega dos premios, salvo aqueles que por lei lle correspondan satisfacer, e, no seu caso, practicará o ingreso a conta ou a retención que poida corresponderlle en virtude da lexislación aplicable.

- De conformidade coa normativa do IRPF os premios desta promoción estarán suxeitos á normativa fiscal en vigor en cada momento, actualmente a Lei35/2006, de 28 de novembro do IRPF e o Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do IRPF.

Neste marco legal, establécese que os premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas, ou combinacións ao azar vencelladas á venda e promoción de bens e servizos están suxeitos ao ingreso a conta sempre e cando a base de retención ou ingreso á conta do premio sexa superior a 300€.

- ESTRELA DE MARÍN queda relevado de calquera responsabilidade relativa ás obrigas fiscais que para o agraciado puideran derivarse da obtención do premio.

TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A efectos de dar cumprimento ao REGULAMENTO (UE) 2016/679RGPD, informa de que os datos proporcionados polos **participantes** na campaña poderán ser incorporados a un ficheiro automatizado, denominado PROMOCIONES CAMPANAS Y SORTEOS responsabilidade da entidade, coa finalidade de xestionar a súa participación na presente promoción así como poder informarle por calquera medio sobre produtos, promocións ou servizos, así como para o uso interno dos mesmos e o envío de comunicación relativos aos aspectos anteriores.

Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación ou oposición, revocación do consentemento prestado así como reclamar ante AEPD. ESTRELA DE MARÍN adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Os gañadores desta promoción autorizan a ESTRELA DE MARÍN a reproducir, utilizar e difundir o seu nome, apelidos, idade e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que esté relacionada con esta promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

En Marín a 26 de marzo de 2026